

Se non pode ver correctamente este correo electrónico, faga clic [aquí](#)




Boletín do Proxecto Symbios Núm. 6 – Maio 2014

Novidades | Das granxas innovadoras ás escolas na nube



Aldeas sustentables, granxas innovadoras na produción e comercialización de produtos, ou escolas rurais que empregan as últimas tecnoloxías son algunhas das iniciativas que participarán no II Seminario Técnico do Proxecto Symbios, o 19 de xuño en Santiago de Compostela. O programa do encontro xa se pode consultar [aquí](#).

Recursos Symbios



Humor

A educación no rural, entre a tradición e a innovación tecnolóxica.

[Ler máis na web](#)



CDR Portas Abertas

Este Centro desenvolve servizos sociais, programas de inclusión e emprego e ambientais na comarca de Verín.

[Ler máis na web](#)



Granxa Familiar

Esta web ofrece a produción de varias ducias de granxas e ponas en contacto coa súa clientela potencial.

[Ler máis na web](#)

Materiais



Alemaña

A revista *The Economist* publica un informe sobre os problemas do envellecemento en Alemaña.

[Ler máis na web](#)



A Cova da Terra

Esta asociación publica unha guía para a xente nova que emprende iniciativas sustentables e solidarias.

[Ler máis na web](#)



Portugal

Publicado un informe sobre envellecemento da poboación e estratexias para a calidade de vida en Portugal.

[Ler máis na web](#)

A entrevista. Carlos Ferrás. Profesor do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela e director do Grupo de Investigación Socio-Territorial (GIS-T) do IDEGA.



Para conseguir a inclusión e a calidade de vida no rural imos precisar crear novas estratexias que funcionen nun escenario de decrecemento da poboación. Temos claras esas novas pautas? No desenvolvemento de Galicia fomos por detrás da realidade, o que deu lugar a unha evolución espontánea ou 'evolución desastre'. Pero a forma deficiente en que Galicia se incorporou á revolución verde pode ser vista agora como unha oportunidade: por exemplo, persiste un minifundio que pode ser moi apto para a produción ecolóxica. Neste momento deberamos anticiparnos aos profundos cambios que supón o decrecemento demográfico, poñer de relevo as oportunidades e o potencial e dar respostas que estean á altura. O seminario Symbios pode ser unha achega importante neste sentido.

Cales serían eses potenciais? Para identificar potenciais debemos partir dos elementos identitarios e poñelos en valor. Por exemplo, a agricultura galega é unha agricultura familiar. Lonxe de ter un valor negativo, múltiples informes da ONU e a FAO identifican neste tipo de agricultura un forte potencial de desenvolvemento. Para aproveitar o potencial debemos conectar a tradición (as formas de relación instaladas) coa innovación. Na Galicia rural hai unha enorme diversidade (intensiva, extensiva, ecolóxica, con produtos propios do Atlántico norte e ao mesmo tempo con produtos mediterráneos...), o que tamén significa riqueza de oportunidades.



XUNTA
DE GALICIA



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

Este é o boletín electrónico do proxecto Symbios, unha iniciativa de encontro, intercambio e aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social da xente e dos territorios de Galicia e doutras rexións europeas afectadas. Se ten calquera dúbida ou quere contarnos algo, contacte con nós desde [aquí](#) e se quere deixar de recibir este boletín electrónico, faga clic [aquí](#)